

Sopa de marsopa



Título:

Sopa de marsopa

Autora:

Isabel Freire

Ilustrador:

Jon Puga

Editorial:

Xerais

Colección:

Merlín

Nº páxinas:

120

ISBN:

978-84-9782-726-3

Idade:

De 9 anos en diante

XERAIS



a autora

Isabel Freire

Naceu na Coruña.

É licenciada en Filoloxía Hispánica e xornalista.

Desde 2005 é xefa de comunicación e protocolo da Radio e a Televisión de Galicia.

É autora dunha serie quen ten como protagonista ao peixe Glub: *Glub contra Blef*, *Un susto para Glub*; *Glub, o increíble peixe-bala*.

o ilustrador

Jon Puga (Vigo, 1982)

Estudou na Facultade de Belas Artes de Pontevedra e na Escola de Debuxo Profesional de Madrid.

Traballa na empresa audiovisual Baleuko, na película animada *Olentzero III* e no seu novo proxecto *Black to de moon*.

Este é o primeiro libro que ilustra. Posteriormente sairá á luz *The legend of Halloween Nights* para a editorial canadense Arcana Studio.

o libro

Bilbo Bons, un detective un tanto especial, acompañará ao comisario xefe de policía, Roncudo Lor, nunha serie de investigacións. Primeiro foi a desaparición de Anciñas, unha marsopa do zoo, da que non hai rastro ata que o detective atopa a fábrica na que ela e moitas máis son utilizadas para facer sopas.


Logo será o caso do profesor Gnga e os seus maléficos obxectivos.

A todo se enfrontarán estes dous valentes con tal de acabar co mal e poder seguir falando de cine mentres merendan as rosquillas da tía de Bilbo. Na última aventura tamén se lles unirá Puskas, un palleiro que se fixo amigo de Bilbo e nunca o deixa na estacada.

Dous investigadores pouco comúns, un baixo e gordo coa súa eterna gabardina e o outro, ao que imaxinamos, alto e delgado. Dous personaxes cheos de tenrura que por momentos semellan adultos e por momentos dous nenos que xogan.

Habrá máis aventuras?

temas e valores



Unha novela de aventuras

Unha aventura tras doutra.



Relato policial

Un detective independente e un comisario enfróntanse ao mal que acosa a cidade. Non son uns investigadores convencionais, pero sempre atopan o que buscan.



O can, o mellor amigo do home

Bilbo e Puskas, un home e un can, ao que lle fala como a un ser intelixente, como a un igual. Dálle afecto e o can devólvello de sobra.




A empresa e a ciencia ao servizo de intereses inconfesables

Estraños profesores e investigadores que utilizan a súa sabedoría para o mal, que non pensan a quen lle fan dano, que inventan sen pensar nas consecuencias...



O optimismo como forma de ser

Bilbo sempre pensa ben de todo o mundo, por iso non dubida en pedir socorro cando está en perigo aínda que se atope rodeado de inimigos. Sempre é positivo, e as cousas vanlle saíndo... máis ben que mal.



O afecto e a amizade

Bilbo faise amigo de todo o mundo, pasa pola comisaría a denunciar algo e átese para sempre ao comisario, saúda ao gardián da fábrica e acaban tomando café, vai repartindo galletas e convidando a todos os amigos.

actividades

A proposta de actividades que segue xorde das múltiples posibilidades de xogo arredor do texto. Nunca deben ser tomadas dun xeito que non sexa simplemente a apertura dun abano de posibilidades para comprendelo algo mellor, darlle voltas, repensalo...

Cada mediador poderá escoller aquelas actividades que lle resulten máis interesantes tendo en conta os intereses que o guían, ou ben pode crear as súas propias baseándose nas que se deseñan a seguir.

En calquera caso, o máis importante dunha historia é lela e comentala. O feito de realizar algunha actividade en torno a esta lectura debe ser, en todo caso, complementario do anterior, pero nunca debe ocultar o obxectivo principal: ler e gozar da obra.

Antes da lectura

- Co libro na man observamos a portada e a súa ilustración. Tamén nos fixamos no título, para imaxinármolos cal é a historia que se oculta detrás.
- Abrimos o libro e revisamos as ilustracións. Imaxinamos unha historia arredor desas imaxes.
- Lemos o texto da contraportada e achegámonos un pouco máis a ese relato que estamos a punto de ler. Elaboramos hipóteses con todos os datos dos que xa dispoñemos.
- Falamos da autora, que podemos coñecer doutras lecturas. Ampliamos a información lendo a solapa. Podemos documentarnos máis na biblioteca, buscando as súas obras. Realizamos unha busca en internet.
- Unha vez localizadas as obras desta autora na biblioteca, realizamos unha exposición con elas. Se nos falta algún libro indagamos se podemos conseguilo na biblioteca pública ou se algún dos compañeiros o ten e o pode prestar.
- Unha vez observadas as ilustracións, comentamos se coñecemos a este ilustrador ou se os seus debuxos nos lembran outros, a opinión que nos merecen antes de comezar a lectura... Buscamos máis información sobre o ilustrador.
- Podemos comentar algo acerca da colección: cal é o seu nome, que outros libros coñecemos, a opinión que nos merece...
- Realizamos, en voz alta ou por escrito, a ficha bibliográfica. Indicaremos nela o título, autoría, ilustrador/a, colección, editorial, se xa se teñen realizado outras edicións desta mesma obra...

actividades

Ao longo da lectura

- Identificamos o xénero ao que pertence esta obra.
- Descubrimos quen é o narrador.
- Contestamos:
 - Cal é a razón de que alguén escriba esta historia?
 - Como pode ser «o máis grande detective da historia» sen que ninguén o coñeza?
 - Cal é o detalle que mellor caracteriza fisicamente a Bilbo Bons?
 - Que pensas do nome Bilbo Bons?
 - Lémbrache algún outro?
 - Por que cre, Bilbo, que os peixes teñen cara de asombro?
 - Quen lle facía as rosquillas a Bilbo?
 - Que parte da cidade é esa «onde as rúas deixan de ter beirarrúas e os farois teñen as lámpadas escachadas»?
 - Cales son as armas secretas de Bilbo?
 - Como é o símbolo da radioactividade que se coloca nos bidóns?
 - Quen é Indiana Jones?
 - Por que se chamará Circe a donosiña?
 - Quen era Gnga? E o profesor Bollétez?
 - Que son andrómenas?
 - Que che parece «parachuvias» como sinónimo de gabardina? Seguro que tamén ti es quen de inventar novas palabras unindo outras, é dicir formando palabras compostas. Fíxate nesta outra: tornalamas. E aínda hai máis, só tes que buscalas no texto.
- Unicornios e sereas son nomeados polo detective. Nós podemos buscar información acerca destes seres míticos, debuxalos...
- Investigadores tolos, doídos por non ter recibido o Premio Nóbel e dispostos a acabar co mundo para vingarse. Imaxina un novo personaxe deste tipo e unha nova aventura.
- Asubiar, tusir, esbirrar... son cousas que se fan coa boca, pero seguramente se che ocorren moitas máis.
- Busca na páxina 20 un detalle relacionado co cine.
- Explicamos e ilustramos as frases seguintes:
 - «A escuridade que nos rodeaba era tan negra que parecía sólida, capas e capas de negrura por riba de nós ata sepultarnos irremediamente».
 - «A fábrica era coma unha caixa de zapatos grande e gris».
- Lemos a páxina 84 e comentámola. Detémonos especialmente na maneira en que un e outro personaxe lle falan ao can.

actividades

- Buscamos información sobre as donosiñas.
- Apuntamos algún detalle que nos chame a atención conforme imos lendo.
- A ver se acertamos: na páxina 24 está escrito o título dunha obra de Fina Casalderrey.
- Citamos algúns dos casos que resolve o comisario Roncudo Lor.
- Moras en setembro, grilos no verán... Continuemos esta listaxe!
- Documentámonos sobre os ciclopes e a Atlántida
- Ilustra esta escena: «Vin a Bilbo, agachado, coa cabeza contra o chan en plan explorador indio, como se escoitara algo que proviña das profundidades da terra».
- Na páxina 27 faise a descrición dun «malo». Pero hai máis tipos dese estilo, seguro que ti tes o teu propio «malo»; descríbeo ou debúxao, segundo prefiras.
- Busquemos onomatopeas.
- No texto aparece citada unha película «Mamá agrandei o rapaz». Comentádea os que a virades. Outra película da que se fala «Dous homes e un destino», alguén a viu? Quen lembra a banda sonora?
- Realizamos un marcador de lectura adecuado para este libro.
- Recollamos aquilo que nos chamou máis a atención... Anotemos os fragmentos que máis nos gustaron para compartilos cos compañeiros e compañeiras.
- Localizamos fragmentos que queiramos ler en voz alta. Podemos facelo entre varios, a modo de teatro lido.
- Vaíamos situando sobre un mapa os lugares que aparecen no texto e que nos resultan coñecidos.
- Tomemos nota, mental ou escrita, dos personaxes que aparecen no relato para posteriormente describilos.
- Despois de ler cada un dos capítulos imaxinamos como continuará a historia e poñémoslle un título que nos resulte apropiado.
- Xogamos a ver quen atopa máis recursos literarios.
- Deteñámonos en cada unha das ilustracións tentando explicar o que nos mostran e observando se nos achegan informacións novas, que non aparecen nos textos.
- Escribe algunha das historias que aparecen medio agachadas en cada unha das ilustracións.
- Poñámoslle textos curtos a cada unha das ilustracións, a modo de pés de foto.
- Elixamos a ilustración que máis nos guste de todas e argumentemos a escolla. A partir desa imaxe escribimos un conto diferente.
- Resumimos un capítulo contándoo en poucas palabras.
- No texto aparecen referencias como James Bond, Tintín... outros grandes detectives da Historia dos que podemos contar o que saibamos, buscar imaxes para ilustrar... e seguir ampliando o número de detectives famosos.

actividades

- Imos converternos en grandes investigadores e redactaremos as nosas experiencias, tal como planificou Bilbo. Comecemos: «O caso da...».
 - Busquemos datos acerca das marsopas.
 - Eliximos o personaxe co que máis nos identificamos e explicamos a razón.
 - Contamos algunha anécdota, conto ou sucedido que teña relación con algo que se relata no texto.
 - Buscamos algún fragmento do texto que queiramos ilustrar. Facémolo!
 - Buscade elementos cómicos no relato.
 - Hai un momento no que o comisario ten ganas de chorar de rabia, de impotencia e... de medo. Sabes dalgunha outra causa pola que choramos?
 - A gabardina de Bilbo «servía para todo: despensa inesgotable de rosquillas, almacén de armas terribles e, agora tamén, corda de alpinista». Que outros usos podería ter?
 - Contestemos á pregunta final que nos formula o narrador.
- Intentamos indagar quen son as persoas que aparecen citadas con nome e apelidos.

Despois da lectura

- Opinemos acerca da representación dos personaxes, se os imaxinabamos así ou non, como os debuxariamos nós...
- Pensamos noutras estrañas parellas como esta de Bilbo e Roncudo.
- Pasamos algún dos episodios a cómic.
- Presentámoslle este libro a algún amigo que non o lese.
- Explica a pequena imaxe que se repite en cada unha das páxinas.
- Unha vez rematada a lectura, podemos decidir que título lle poñeríamos. Pensamos se terá continuidade. Alguén seguirá contando máis... casos?
- Comentemos a opinión que nos merece o libro.
- Se nos gustou, escribamos unha recomendación, que colcaremos no taboleiro da biblioteca ou publicaremos na revista.
- Leamos outros libros desta mesma autora.
- Pensemos... A quen lle regalariamos este libro e por que? Que dedicatoria lle escribiremos?
- Agora dirixámonos á autora e comentémoslle o que máis nos gustou da obra. Os que non queiran escribirlle a ela poderán colocar a súa opinión entrando no Meiga.
- Localicemos outros libros que tratan temas parecidos a este.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono Pocomaco
Avenida 3 Edificio Diana
Nave 4 Baixo • 15009 • A Coruña
Telf.: 981 171 641 / Fax: 981 171 647**

XERAIS

**Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>**

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro e Maruxa Caamaño, 2008
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2008
Depósito legal: VG 1570-2008